

8 DE MARZO

día internacional
da muller traballadora



**Resistimos!
Loitamos!!!**

**Confederación Intersindical Galega
Secretaría Confederal da Muller**

Alfonso Molina s/n, 8ª planta
Edificio sindical
15008 A Coruña

Teléfono: 981 16 92 93 - 981 90 06 33

Fax: 981 15 15 39

Correos electrónicos:

muller.mocidade@galizacig.net

tecnica.igualdade@galizacig.net



**Resistimos!
Loitamos!!!**

**Reivindicamos o noso espazo na sociedade,
como mulleres, traballadoras e galegas!**



Confederación Intersindical Galega
www.galizacig.com



Secretaría da muller



Confederación Intersindical Galega
www.galizacig.com



Secretaría da muller

Reivindicamos o noso espazo na sociedade como mulleres, traballadoras e galegas!

AS traballadoras que formamos parte da Confederación Intersindical Galega reivindicamos a ideoloxía de clase que durante anos formou parte da conmemoración do 8 de marzo. Por iso acompañamos o substantivo traballadora a esta data. Porque cremos que é bo recuperar da historia colectiva o xermolo proletario que agora aparece esvaído e encuberto de tintes consumistas propios do capitalismo.

Historicamente as mulleres rexistramos sempre niveis de paro superiores aos dos homes. Durante décadas xustificamos as políticas de igualdade no emprego pola necesidade de equilibrar o nivel de inserción laboral entre ambos sexos. No actual contexto de crise económica, os medios de comunicación centraron as súas informacións nas elevadas taxas de paro padecidas polos homes, baseando a súa información en que a destrución do emprego se centrou maioritariamente en sectores masculinizados. De feito, a meirande parte das medidas de apoio ao emprego concentráronse nos sectores da construción e do automóbil, deixando de lado o impulso do emprego feminino e a protección do colectivo desempregado máis vulnerábel, que está composto maioritariamente por mulleres. Aínda que é certo que o aumento do paro en 2009 afectou máis aos homes, a taxa de paro segue a ser maior no caso das mulleres.

Nun contexto de crise e aumento do desemprego, é preciso activar todos os mecanismos para protexer as traballadoras e os traballadores, pero poñendo atención a que nesa redución dos cadros de persoal non se aumente a fenda da discriminación das mulleres no mercado laboral. Por iso é preciso seguir pulando pola aplicación de políticas activas que permitan avanzar no emprego feminino e reducir as discriminacións actualmente existentes.

A pesar do respaldo social que tivo a Lei de igualdade, o certo é que a traslación aos convenios colectivos das medidas de igualdade non alcanzou a velocidade prevista inicialmente. Neste contexto, a Administración galega non só non está a realizar os investimentos necesarios, senón que centra os recortes orzamentarios precisamente nos programas relacionados co emprego, a igualdade e a conciliación da vida familiar, laboral e persoal.

Non se traballa en reformas legais para fomentar a corresponsabilidade, como é o caso da ampliación dos permisos de paternidade ou maternidade, mentres que se seguen a potenciar as excedencias por coidado e as reducións de xornada (sen ningún tipo de axuda que compense a baixa de salarios) e, pola contra, anúncianse novas medidas de fomento do emprego a tempo parcial.

Tampouco se fala das precarias condicións na que as mulleres están a desenvolver o seu traballo, presionadas pola patronal para forzálas a abandonar os seus postos, creando un ambiente degradante, intimidatorio e hostil. Ou as presións ás que someten as mulleres limitando ou imposibilitando o dereito ao exercicio da conciliación da vida familiar, persoal e laboral, denegando incluso reducións de xornada, permisos relacionados coa maternidade, protección do embarazo e a lactación, etc.

Porque as mulleres e os homes que formamos parte da CIG entendemos que a crise económica non se pode empregar máis como escusa para reducir postos de traballo, e para non desenvolver as

Resistimos! Loitamos!

medidas de igualdade adoptadas para frear a discriminación laboral e favorecer a conciliación. Por iso non debemos permitir que se instale tamén o medo no noso traballo e posterguemos calquera actuación que non teña como fin manter o emprego, aí que precisamos que as mulleres e os homes que formamos parte da negociación colectiva demandemos a aplicación de medidas de igualdade adoptadas para rematar coa discriminación laboral e favorecer a conciliación, aínda en tempos de crise.

Así as cousas, as mulleres non podemos ficar caladas. Por iso loitamos unidas para dignificar as nosas condicións sociolaborais e salariais, por superar as situacións de discriminacións que adoitamos padecer: precariedade, subemprego, contratos a tempo parcial, inactividade, temporalidade, economía somerxida, desemprego, violencia, pobreza, dependencia, desigualdade, segregación horizontal e vertical...

Deslexitimamos a división sexual do traballo, e apostamos por un modelo de sociedade formado por persoas sustentadoras/coificadoras en igualdade, ao que deben ir orientadas as políticas públicas, e non ao actual modelo que obriga as mulleres a volveren ao fogar a ocuparse do coidado de familiares dependentes, ou ben a reducir a súa xornada para compatibilizala co coidado.

Neste sentido alzamos a voz a favor dos servizos sociais públicos, que en Galiza están sendo desmantelados.

Denunciamos que seguimos topando cun teito de cristal que limita a nosa equiparación cos homes, sobre todo cando queremos acceder a postos de liderado político, económico, social e intelectual.

Denunciamos a explotación da dobre xornada. Porque seguimos a destinar moitas máis horas ca os homes por xornada ás tarefas domésticas, de xeito que o fogar segue a ser o segundo centro de traballo das mulleres, tarefas non remuneradas que nos impiden descansar do traballo realizado fóra da casa.

Reivindicamos o noso dereito á sexualidade, ao control do noso corpo e a decidir libremente sobre a nosa maternidade. E cando nos decidimos a exercela, que se garanta que non imos ser discriminadas ao incorporarnos ao posto de traballo.

Denunciamos a invisibilidade do traballo das mulleres, xa que non se representa estatisticamente a presenza feminina na forza laboral, dado que non se considera parte do produto o traballo da muller que non chega ao mercado (aprovisionamento de bens para labores de reprodución no ámbito doméstico, educación, creación de alimentos, traballo de coidado e sanitario, etc.), ou porque moitas delas fican aínda baixo o epígrafe da economía somerxida.

Somos conscientes de que para logralo é preciso fortalecer a nosa organización, sumando mulleres ao noso proxecto sindical, reivindicando o noso espazo na sociedade, como mulleres, traballadoras e galegas.

8 DE MARZO: DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA
8 DE МАРЗО: ДІВ ІНТЕРНАЦІОНАЛ ДЯ ЖІНТЕБ ІЗВЫВІТЛІВЦЫВ

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA



Secretaría da muller